

# Bautista Álvarez

## OBRAS ESCOLLIDAS

*Volume II*



BAUTISTA ÁLVAREZ  
OBRAS ESCOLLIDAS

*Volume II*

BAUTISTA ÁLVAREZ  
OBRAS ESCOLLIDAS

*Volume II*

*Edita*

© Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas

Avenida de Lugo, 219 · 1.º  
15703 Compostela · Galiza  
Teléfono 981 570 265  
info@bautistaalvarez.org

*Textos*

© Bautista Álvarez

*Deseño e maquetación*

Diego Núñez e Marcelino V. Cageao

*Impresión*

Tórculo

Depósito legal: C 264-2013

ISBN: 978-84-616-3104-9 (obra completa)

ISBN: 978-84-616-3172-8 (Volume I)

ISBN: 978-84-616-9402-0 (Volume II)

Impreso na Galiza

# Bautista Álvarez

OBRAS ESCOLLIDAS

*Volume II*

Fundación  
Bautista Álvarez  
de Estudios Nacionalistas



## PRELIMINAR ACLARATORIO

Cúmprese mañá medio ano desde que apareceu o primeiro volume das miñas obras escollidas. O prelo agarda polo segundo tomo, xa que o tempo e a idade avanza e as follas do meu outono están próximas a caer. Descoñezo o éxito ou o fracaso do libro que a fundación que leva o meu nome publicou na primavera. Como non vivo da pluma, estou á marxe dos aspectos económicos das miñas creacións literarias. As plumas sérvenlle aos paxaros para voar e tapar o frío. A min para pór no papel as ideas que me rebulen no cerebro. Non teñen outra pretensión. No tomo que anteriormente saíu á luz, dentro da diversidade dos artigos, existe unha unidade temática e un denominador común. Tanto nas colaboracións do *Terra e Tempo* como nos traballos inéditos, o discurso céntrase na crise que afecta á sociedade do século que acaba de nacer. Crise económica, ideolóxica e política. Non hai entre elas compartimentos estancos. Tres persoas distintas da mesma deidade. O deus do capital, a punto de devorarse a si mesmo, agora que lle quedan poucos proletarios que comer. O ventre do debuxo de Castelao

está a punto de rebentar e trousar as caveiras que o canibalismo capitalista veu engulindo desde o pasado século.

O volume que prologo tamén ten a súa unidade temática nos discursos pronunciados en asembleas, congresos e actos políticos. Identifícanse todos polo seu contido ideolóxico. É máis extenso o período que abrangue. Desde os preludios da UPG, no Centro Galego de Madrid, á miña despedida como presidente deste partido no ano 2008. Da maioría deles consérvase o texto escrito.

O único retoque introducido para a presente edición foi a unificación ortográfica. Válidas ou non, procurei adaptarme ás normas actuais da Real Academia Galega. Sigo o mesmo criterio de Almeida Garrett. Mentres non veñan outras de maior autoridade, escribirei nas que contan co respaldo académico. Xa bastantes inimigos ten o idioma para debilitalo máis con varias normativas. Así pensamos os que mamamos o galego na teta e non nos libros. Naqueles discursos pronunciados sen soporte escrito houbo que axustar a redacción á disciplina literaria, sen variar nin engadir novas ideas ao contido orixinal.

Cabían dúas alternativas para o ordenamento dos discursos. Agrupados en lotes segundo os foros nos que foron pronunciados, ou utilizando a secuencia cronolóxica. Escollín a segunda opción. A modulación dos conceptos está máis condicionada polos tempos ca polos espazos. Non son eu dos que leven na lingua dúas retóricas diferentes. Unha para os mitins electorais e outra para o Boletín Oficial do Estado. A crise ideolóxica á que antes aludín empobreceu a oratoria reducíndoa a dous discursos diferentes. O da oposición e o do goberno, intercambiábeis entre os distintos protagonistas.

O presente volume ábrese con dúas intervencións miñas no Centro Galego de Madrid. Por aquel entón a casa chamada «rexional» desfilaba ás ordes dun xeneral franquista. Os meus discursos serviron para que o centro pechase as portas ao nacionalismo. Entre o calaboço e o desterro, mellor o exilio. Daquela, o noso idioma carecía de normativas. A única norma imposta con rango de lei era a que vetaba ou restrinxía o uso do mesmo. Por tal motivo, respectando o contido, tiven que depurar o texto orixinal de grañas, enxebrismos e léxicos que resultarían obsoletos hoxe no galego literario.

Un bo ramallo constitúeno as intervencións na apertura ou peche dos congresos da UPG cando a min me correspondeu esta responsabilidade, e as miñas palabras non foron froito da improvisación e non queda delas testemuño escrito. Aínda existindo, omitín o discurso de inauguración do V congreso. Neste caso concreto limíteime a pór en clave de *sol* o que o comité central compuxera en clave de *fa*. Non sería honesto apropiarme dunha partitura que me limitei a interpretar. O carácter dos *editoriais* non está no anonimato do autor, senón en seren a expresión do colectivo que ostenta a autoridade dos medios de comunicación. Advertencia esta que considerarei necesaria para saír ao paso de certos erros interpretativos dalgunhas mentes ilustradas.

O protagonismo nas asembleas do BNG, até a décima edición, provén de correr da miña conta os discursos de apertura, case todos recollidos neste volume preparado para o prelo. Faltan dous. O da terceira, celebrada no Carballiño, e o da quinta, que tivo lugar en Vigo. Ignoro os motivos do BNG para eliminalos da publicación respectiva dos relatorios. Supoño que sería por cuestións técnicas. Se por casualidade logro atopar os orixinais no meu desordenado

arquivo tratarei de incluílos no seguinte volume da miña obra. Ambos teñen a súa importancia polo contexto político no que foron pronunciados. Na primeira, a do Carballiño, a pretensión dunha minoría de meter o nacionalismo nunha aventura que o levaría á súa grupusculización e á morte prematura. Segundo certas opinións, algunhas delas recollidas incluso pola prensa, o discurso tivo a virtude de abortar a operación e alertar á militancia para dar unha resposta contundente no acto de clausura. A súa publicación resulta conveniente, máis que nada para ilustrar a moitos politólogos (vaia enxendo de palabra) que escriben a historia do nacionalismo por oídas.

Se na do Carballiño os tiros viñan disparados pola esquerda, na asemblea de Vigo procedían da dereita. Tratábase de facer avanzar o nacionalismo por camiños polos que outras alternativas estaban retrocedendo e fracasando. O de sempre. O de antes e o de agora. A tentación do can, tan domesticado que logrou suplantar os fillos de parellas solteironas. Domesticar o lobo para gañar os parabéns dunha sociedade e dun sistema que aparentamos combater. Lémbrome que a cita asemblearia coincidía coa primeira incursión bélica dos USA no Irak. A operación ianqui estaba dirixida por un xeneral mouro —non no senso racista senón no ideolóxico— cuxo nome resultaba imposíbel de pronunciar, inclusive para os versados na lingua anglosaxona, por estar formado exclusivamente de consoantes. As vogais, supoño, serían convertidas en estrelas. ¿Qué pasaría con aquel xeneral cabezudo, cheo de estrelas e falta de vogais? No meu discurso ironicei, única arma que nos queda aos non belicistas, co nome do xeneral cabezolo e o corte de pelo «ao cepillo» dos soldados norteamericanos. Marabilládevos. Na banda dos «avanzados» xurdiron voces en defensa



do comandante en xefe, cheo de estrelas e baleiro de ideas, e do peiteado dos soldados rasos. Palabras de gabanza para o imperio inusitadas desde facía tempo. Seguiron vexetando no BNG mentres non atoparon outras ermanzas nas que rebulir.

Non renunciei a incluír neste volume o discurso pronunciado na praza do Toural de Compostela o 24 de xuño de 1984, catro días antes da traída dos restos de Castelao. A intervención foi transcrita —non sei por quen— da gravación feita por algún compañeiro de militancia.

Nada máis me queda que engadir neste exordio aclaratorio, escrito para encher ocos e conducir o lector pola interpretación correcta dos textos que contén o libro. É unha obriga que asumín e que non quixen deixar á responsabilidade do editor.

Loucíá, 1 de setembro de 2013

## ÍNDICE

Preliminar aclaratorio .....	I
Discurso do Día das Letras Galegas de 1964 no Centro Galego de Madrid .....	3
Discurso do Día das Letras Galega de 1967 no Centro Galego de Madrid .....	13
Intervención ao remate da manifestación convocada polo BNG denunciando a manipulación política da traída dos restos de Castelao desde a Arxentina .....	25
Discurso de apertura da II Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego .....	29
Discurso do Día da Patria Galega de 1987 .....	45

Informe de apertura do VI Congreso da Unión do Povo Galego .....	51
Discurso de apertura da IV Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego .....	71
Intervención no debate de política xeral do Parlamento de Galiza .....	81
Discurso de apertura do VII Congreso da Unión do Povo Galego .....	97
Discurso de apertura da VI Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego .....	113
Discurso do Día da Patria Galega de 1994 .....	125
Discurso de apertura do VIII Congreso da Unión do Povo Galego .....	133
Discurso de apertura da VII Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego .....	145
Discurso inaugural no IX Congreso da Unión do Povo Galego .....	157
Discurso de apertura da VIII Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego .....	171

Discurso de clausura do X Congreso da Unión do Povo Galego .....	185
Discurso de apertura da IX Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego .....	197
Discurso de clausura do XI Congreso da Unión da Mocidade Galega .....	211
Discurso no acto conmemorativo dos 25 anos da Unión da Mocidade Galega .....	215
Discurso de clausura do XII Congreso da Unión da Mocidade Galega .....	221
Intervención no Día da Galiza Mártir .....	227
Discurso de clausura do XI Congreso da Unión do Povo Galego .....	235
Discurso de clausura do XIII Congreso da Unión da Mocidade Galega .....	251
Discurso de apertura do XII Congreso da Unión do Povo Galego .....	259

Este libro saíu do prelo o 25 de abril de 2014,  
data en que se cumpren corenta anos da  
Revolução de Abril en Portugal.